



RUTA E XANTAR NOS OSCOS

Club de Montaña O Carroucho

12 de Decembro de 2015

Villanueva de Oscos, é o concello de maior extensión da comarca de Oscos, con 72,7 km² e unha poboación de 378 habitantes.

Pero é, sen dúbida, a fundación do Mosteiro de Santa María de Villanueva durante o reinado de Alfonso VII o que marca a historia, non só do concello, senón tamén dunha gran parte do occidente asturiano. Durante setecentos anos os monxes cistercenses van protagonizar o desenvolvemento do concello desde todos os puntos de vista. A Desamortización de Mendizábal no século XIX acaba coa

hexemonía eclesiástica que viviu a súa época de esplendor nos séculos XVII e XVIII coa explotación do traballo preindustrial do ferro na Ferrería, actualmente en proceso de rehabilitación.



O itinerario iníciase preto do Concello, por un carreiro que sae da vila cara ao cemiterio da localidade, continuamos cara ás casas de O Río e chegamos a Santa Eufemia onde aínda se conserva unha fermosa capela de estilo barroco popular construída entre os séculos XVII e XVIII que merece ser visitada e onde podemos facer un alto para visitar o Ecomuseo do Pan ou descansar na área recreativa. Neste punto comeza o ascenso cara a O Vale e Pena Grande a través dun bosque autóctono onde gozaremos da sombra de bidueiros, carballos e acivros.

Continuamos cara ás brañas de Lama, Chao de Burei-

Datos Básicos

Comezo: Villanueva de Oscos

Remate: Villanueva de Oscos

Distancia lineal: 14 km.

Duración aprox.: 5 horas

Dificultade: Media

Altura máxima: 827 m


Altura mínima: 526 m

Acumul.: ↗680 m / ↘680 m

ros e A Folgueirúa gozando das magníficas vistas desde o alto. Descendemos pola ladeira da montaña cruzando os arrosios Morán, Ceilán e o río Vilanova. A piques de chegar a este último non podemos deixar de deleitarnos coa contemplación dun magnífico "cortín" que nos dá unha idea da importancia que desde outrora tivo na zona a produción de mel e cera. En San Mamed recíbenos un encantador lavadoiro que nos convida a facer unha parada para recrearnos cos magníficos exemplos de arquitectura en pedra. Cruzamos a estrada e seguimos avanzando de novo pola ladeira da montaña ata chegar ao pobo de Pacios, cuxa espléndida arquitectura tamén merece a nosa atención. Continuamos pola carballeira de Pacios, un impresionante bosque de carballos que tapiza as dúas ladeiras do val, ata saír de novo á estrada. Continuamos pola mesma ata Santa Eufemia e de aquí polo camiño do cemiterio ata Villanueva.



O tramo curto, duns 2 km., iníciase xunto ao mosteiro ascendendo ata Ovellariza e descendendo a través dun bosque autóctono cara ao arroyo Riodepil que cruzamos por unha pasarela de madeira, continuamos cara ao barrio de Guieiro e descendemos de novo cara a Villanueva.



Próxima cita:

17 Decembro
Asemblea de Socios



O Carroucho

www.carroucho.org

